

# Encrucillada

**Pensar ética e humanamente a eutanasia**

por Carmen Massé García

**A eutanasia: unha visión teolóxico-moral**

por Xosé Manuel Caamaño López

**Eutanasia: aproximación xurídica**

por Alfredo Losada Suárez

**Ramón Sampedro Cameán, defensor da morte e da vida dignas**

por Marta, «Pepe de Vilas» e Xosé Lois

**Os coidados paliativos, fillos dun deus menor**

por Francisco Barón

**Un plan para resucitar**

por Papa Francisco

**Crónica da Igrexa**

por Manuel Regal Ledo



## **Edita Asociación Encrucillada**

Presidente: Andrés Torres Queiruga  
Vicepresidente: Pedro Fernández Castelao  
Secretaria: Elvira Santos Pena  
Tesoureiro: José María Fernández Vázquez

## **Mesa de Redacción**

Pedro Fernández Castelao (dirección)  
Marisa Vidal Collazo (secretaría)  
Xosé Manuel Caamaño López (redacción)  
Manuel García Villasenín (redacción)  
Carme Soto Varela (redacción)

## **CONSELLO DE REDACCIÓN**

Xesús Acuña Garrido	Xosé Manuel Pensado Figueiras
Xoán Bernárdez Vilar	Victorino Pérez Prieto
Xaquín Campo Freire	Xesús Portas Ferro
María José Cancelo Baquero	Manuel Regal Ledo
Anxos Canive Brión	Luis Rodríguez Álvarez
Ramón Cao Martínez	Lucía Santiago Díaz
Hermelinda Dapena Tarela	Elvira Santos Pena
José María Fernández Vázquez	María do Carme Solloso Blanco
Antón Gómez González	Modesto Suárez Pérez
Santiago González Avión	Andrés Torres Queiruga
Mariano Guizán Sánchez	Engracia Vidal Estévez
Xosé Antón Miguélez Díaz	Pilar Wirtz Molezún

## **PREMIOS E MENCIONES**

A Revista Encrucillada obtivo o Premio Pedrón de Ouro en 1991  
Declarada Asociación de Interese Público o 17/7/2008, co n.º Galicia 7708

## **REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN**

R/ Ángel Rodríguez González n.º 20  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 813 608  
e-mail: encrucillada@encrucillada.gal  
Páxina web: www.encrucillada.gal

## **PREZOS DA SUBSCRIPCIÓN**

Prezos da subscripción anual (5 números)

- Ordinaria ..... 25 €
- De apoio ..... a partir de 30 €
- Bonificada ..... 20 €
- Número solto ..... 7 €
- Dixital ..... 15 €

CONTA CORRENTE:

ABANCA. IBAN: ES07 2080 0500 5330 4004 3431

Publicación bimestral



## ÍNDICE - SUMARIO

N.º 218

Volume XLIV

maio-xuño 2020

### **Guieiro**

por Pedro Castelao 3

### **Estudos**

**Pensar ética e humanamente a eutanasia**  
por Carmen Massé García 5

**A eutanasia: unha visión teolóxico-moral**  
por Xosé Manuel Caamaño López 17

### **Achegas**

**Eutanasia: aproximación xurídica**  
por Alfredo Losada Suárez 44

**Ramón Sampedro Cameán, defensor da morte e da vida dignas**  
por Marta, «Pepe de Vilas» e Xosé Lois 53

**Os cuidados paliativos, fillos dun deus menor**  
por Francisco Barón 62

### **Documento**

**Un plan para resucitar**  
por Papa Francisco 73

### **In memóriam**

**Amorosa e intelixente Luz**  
por Fina Casalderrey 78

**Padre López Calo S.J., In memóriam**  
por Carlos Pajares Vales 83



### **Crónica**

Carta desde a banda da esperanza

por Manuel Regal Ledo

86

### **Recensión**

*La noche y sus etcéteras: 24 voces alrededor de  
san Juan de la Cruz*

por Javier Rodríguez González

103

### **Ilustracións**

por Soedade Pite

67, 79



Hai cuestións nas que a clarificación inicial da verdadeira natureza do que se está a discutir é fundamental. Porque hai modos de falar que esconden intereses manipuladores non expresos. Un exemplo: falar do aborto coma dunha «interrupción» do embarazo presupón, como de todo aquilo que se pode interromper, que a vida inicialmente «interrompida» tamén se podería retomar máis adiante. Podemos interromper unha relación, pero non unha vida. Abofé que no aborto non se «interrompe» nada. Finalízase unha vida humana no seu máis inicial comezo.

Algo similar sucede co tema da eutanasia, cando é cualificada inicialmente, antes de encetar a discusión sobre a súa pertinencia, coma «morte digna». É evidente que, de aceptar tal comezo do xogo, calquera que ose colocar algún tipo de obxección contra ela sitúase, quériao ou non, na defensa implícita dunha «morte indigna».

Só os espíritos dogmáticos, fortemente ideoloxizados e incapacitados, por tal cousa, para unha auténtica reflexión e, xa que logo, para un auténtico diálogo, se poden contentar despachando grandes dilemas morais, coma os amentados, brandindo consignas planas, pero ferintes, que, en lugar de suscitar a atención seria e aberta aos argumentos do contrario, reclaman a protección e a dureza dun escudo impenetrable.

*Encrucillada* quere invitar a pensar, non a golpear nin a defenderse. Vexa o lector, neste sentido, os estudos de María del Carmen Massé e de Xosé Manuel Caamaño nos que a cuestión da eutanasia é reflexionada, no primeiro caso, desde o campo da ética, coa competencia dunha médica experta en bioética e, no segundo, con competencia filosófica e teolóxica, desde unha perspectiva máis intracatólica.

Pero vexa, tamén, o achegamento máis persoal e afectivo á cuestión do suicidio asistido nas páxinas que Marta, Pepe de Vilas e Xosé Lois –amigos do defunto– fan no caso mundialmente coñecido de Ramón Sampedro. Por que nos debates públicos máis epidérmicos se utiliza o seu caso como exemplo de «eutanasia»?

Quen estea máis interesado na perspectiva xurídica desfrutará da claridade expositiva da análise do Código penal que realiza o avogado Alfredo Losada.

Quen prefira enfocar o asunto do final da vida explorando o mundo dos cuidados paliativos que se deteña na achega do doutor Francisco J. Barón. Unha achega, esta última, centrada especialmente no caso de Galicia.

A famosa poeta Luz Pozo Garza e o insigne musicólogo Xosé López Calo, SJ. finaron nestes últimos tempos. Fina Casalderrei recorda á literata e Carlos Pajares lembra ao xesuíta. Descansen en paz.

O papa Francisco escribiu para *Vida Nueva* o texto que neste número, co permiso da revista amiga, tamén publicamos nós en galego. É unha sinxela, pero fonda meditación sobre a resurrección que convén ler de vagar.

*Encrucillada* ten xa unha ampla historia. Fará ben o lector ou lectora interesada na cuestión da eutanasia en visitar [www.encrucillada.gal](http://www.encrucillada.gal) para ver alí outros traballos anteriores sobre este mesmo tema.

A sempre interesante e pertinente rolda da Igrexa de Manolo Regal, xunto con algunha recensión e os suxestivos debuxos de Soedade Pite completan este número co que xa saudamos as calorés do verán.

**Pedro Castelao**